

# A TRAVÉS DOS MEUS OLLOS ESTRANXEIROS



Categoría B

Código: 15026731

**IES CAMPO DE SAN ALBERTO**

Noia

A Coruña

## ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN.....	3
DESCRIPCIÓN DE ACCIÓNS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA .....	4
- Niveis educativos: .....	4
- Obxectivos: .....	4
- Áreas, materias, módulos.....	4
- Secuencia de actividades.....	5
- Profesorado implicado: .....	7
- Metodoloxías activas e inclusivas .....	8
- Aprendizaxe competencial .....	9
- Contidos.....	10
- Organización de espazos, tempos e recursos.....	10
- Procedemento de avaliación, valoración de proceso e do logro acadado .....	11
- Implicación da comunidade educativa e da contorna do centro.....	12
AVALIACIÓN E IMPACTO DAS PRÁCTICAS INCLUSIVAS A NIVEL DE CENTRO.....	12
DIFUSIÓN E VISIBILIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.....	13

***“Ser estranxeiro é unha parte da vida á que  
todo o mundo ten que facer fronte”***

(Stacey Reimann, Abril 2019)

## XUSTIFICACIÓN

A nosa comunidade autónoma foi historicamente unha fonte de emigración. A día de hoxe estase a producir a viaxe de retorno de parte desa poboación, xunto con novos movementos migratorios que teñen como destino Galicia.

No IES Campo de San Alberto fóronse matriculando ao longo dos últimos cursos académicos máis de 30 novos alumnos e alumnas procedentes do estranxeiro ou doutras comunidades autónomas. A pesar de que o Centro conta cun plan de acollida, o proceso de integración deste alumnado era lento, posto que non eramos plenamente conscientes nin estábamos preparados para a magnitude desta nova situación.

Foi o noso auxiliar de conversa, Stacey Reimann, o que observou esta nova realidade dentro das súas clases de inglés, detectando a necesidade dun espazo onde poder compartir experiencias e integrarse alén das aulas. A empatía demostrada polo noso auxiliar de conversa xustifícase coa súa propia experiencia vital como adolescente con cambios continuos de localidade debido ao traballo familiar, dificultando o proceso de construción da súa identidade.

Unha vez detectadas estas necesidades propúxose ao equipo directivo realizar un proxecto de educación inclusiva para facilitar a integración deste alumnado.

O primeiro paso foi unha reunión co alumnado de nova incorporación para preguntarlle a posibilidade de formar un grupo de traballo colaborativo para, a través de metodoloxías activas, presentar e dar a coñecer ao resto da comunidade educativa as súas diversas identidades e experiencias.

*“Este proxecto comezou para festexar a diversidade do noso instituto. Ser estranxeiro é unha parte da vida á que todo o mundo ten que facer fronte. Podes ser estranxeiro en moitas partes da túa identidade: na relixión, sexualidade, xénero, idioma, nacionalidade, intereses... O que conecta a un estranxeiro cos demais é a empatía: a idea de amar é poñerte no seu lugar... que consiste en coñecer a súa historia e descubrir como contala.”* Esta foi a proposta do noso auxiliar de conversa para traballar co alumnado de nova incorporación ao centro procedente do estranxeiro.

O proxecto presentouse ao claustro e ao consello escolar tendo moi boa acollida. Toda a comunidade educativa aplaudiu a iniciativa pois viron unha oportunidade xeral de integración.

Unha vez rematado todo o proceso e analizando os resultados globais do proxecto, observamos con satisfacción que se cumpriran en gran medida todos os obxectivos propostos relacionados coa integración e inclusión dun xeito innovador para a nosa comunidade

educativa, polo que se decidiu presentar este proxecto ao Premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva.

### DESCRIPCIÓN DE ACCIÓNS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

**-Niveis educativos:** traballouse a nivel transversal, tentando facer partícipe ao alumnado de todos os niveis educativos presentes no noso centro: ESO, BAC, Ciclos Formativos, Educación de adultos. Na práctica, o alumnado con participación máis activa e maior implicación foi o da ESO e BAC. Outros membros da comunidade educativa como profesorado e o auxiliar de conversa tamén formaron parte do grupo de traballo colaborativo.

**-Obxectivos:**

-Para toda a comunidade educativa:

- Transformar o centro educativo nun espazo de acollemento no que o alumnado novo se sinta seguro e con confianza e non se sinta estranxeiro dentro da comunidade e só na súa identidade.
- Promover a integración e a educación inclusiva no centro educativo.
- Traballar a importancia da empatía.
- Aprender das experiencias e identidades dos novos compañeiros e compañeiras.
- Ampliar o Plan de Convivencia e o Plan de Acollida do centro cun grupo de traballo permanente encargado da acollida e inclusión da diversidade de identidades.
- Plantar a semente para a toma de conciencia sobre a diversidade (relixión, sexualidade, xénero, nacionalidade, idioma, intereses...).

-Para o alumnado e profesorado de nova incorporación:

- Crear dinámicas para propiciar a integración nunha nova comunidade.
- Explorar a propia identidade cun grupo de iguais.
- Reflexionar, expresar, comunicar e compartir as propias emocións e experiencias vitais.
- Gañar confianza e seguridade nun novo entorno.
- Practicar en medios audiovisuais.


**-Áreas, materias, módulos:** o traballo desenvolveuse durante o tempo de lecer, aproveitando os recreos para as reunións de traballo. A materia de Imaxe e Son de 2º de Bacharelato completou parte do seu curriculum realizando, gravando e editando as entrevistas do proxecto. Por outra banda, o alumnado e profesorado participante na Rede Solidaria do centro implicouse activamente nas actividades de convivencia e integración, así como facilitando recursos e materiais para a posta en práctica do proxecto.

**- Secuencia de actividades:**

O proxecto estivo organizado en 3 secuencias de actividades:

**1. Planificación**

A. "Reunión de acollida" co alumnado de nova incorporación para formar un grupo de traballo colaborativo.



B. "Entrevistas individuais" co alumnado interesado en participar no proxecto para ofrecerlle axuda no proceso de reflexión e exploración da súa identidade.

C. "O teu Olló": creouse unha representación gráfica de cada país de procedencia co fin de visualizar a súa esencia. A tarefa desenvolveuse a través do traballo colaborativo entre o novo alumnado e o alumnado da Rede Solidaria durante un mes nos recreos e en horario non



lectivo. O proceso e o resultado desta actividade pode observarse aquí:

D. “A entrevista en vídeo”: o alumnado de “Imaxe e Son” de 2º Bacharelato, organizado en grupos de traballo por países, foi o encargado de deseñar as preguntas das entrevistas ao novo alumnado, así como o guiión, planificación e edición dos vídeos. No seguinte enlace pódense visualizar todas as entrevistas realizadas:

<https://csa1819acollida.weebly.com/viacutedeos.html>

E. “A túa Presentación”: Coa liberdade para escoller o formato, o alumnado novo preparou unha presentación do seu país ou comunidade de orixe para compartir e expoñer en público parte da súa experiencia co resto da comunidade educativa.

<https://csa1819acollida.weebly.com/presentacioacutens.html>

## 2.Sementeira e Feedback

A. “O teu recreo”: cada país organizou unha posta en común interactiva con comida típica, fotos e vídeos informativos. A finalidade era botar a semente para despertar a curiosidade do resto do alumnado do centro, intercambiando experiencias a través de preguntas escritas co lema “*cambiamos comida por pregunta*”.


B. O alumnado novo puido empregar as preguntas que lle fixeron os seus compañeiros e compañeiras para dar contido ás súas presentacións, e así satisfacer a súa curiosidade.



### 3. Feira dos estranxeiros

Todas as tarefas e actividades realizadas polo alumnado implicado foron presentadas para toda a comunidade educativa nunha gran feira o día 12 de abril, conectando así o traballo colaborativo con todos os membros do IES. Logo dunha introdución a cargo do impulsor do proxecto, pasouse ao visionado dos diferentes vídeos coas entrevistas e as presentacións en directo sobre a cultura, tradicións e curiosidades dos distintos países.

Deste xeito tivemos a oportunidade de reflexionar, expresar, comunicar e compartir as propias emocións e experiencias vitais, nun exercicio único de empatía. Este evento facilitou o sentimento de participación afectiva de todo o alumnado do centro, transformando o recibidor do edificio nun espazo de acollida no que o novo alumnado non se sentiu estranxeiro e só na



súa identidade.

#### **-Profesorado implicado:**

- O impulsor e motor do proxecto foi o noso auxiliar de conversa Stacey Pacitti Reimann que xogou o papel de nexo de unión entre o alumnado novo, o profesorado implicado, a Rede Solidaria e o resto da comunidade educativa.

- O profesor de Imaxe e Son de 2º Bac. actuou como coordinador xeral do proxecto global.

- A profesora coordinadora da Rede Solidaria facilitou o acollida do novo alumnado dentro da comunidade educativa con dinámicas e metodoloxías activas.

- A Orientadora do centro e a Xefa de estudos facilitaron recursos e organizaron horarios de traballo.



- Unha profesora membro do equipo de convivencia xunto co profesor coordinador das TIC foron os responsables da xestión da páxina web e das mellores opcións de publicación, publicidade e difusión do proxecto para achegalo a toda a comunidade educativa.

- A profesora coordinadora da revista escolar realizará a publicación e difusión do proxecto na tirada do curso 2018-2019.

- A profesora de francés colaborou activamente na organización e compartiu a súa experiencia persoal como emigrante retornada.

### **-Metodoloxías activas e inclusivas:**

Os principios de **prevención, desenvolvemento, e intervención social** son coherentes cos de comprensividade e diversidade e fan referencia a unha tarefa: xeneralizada, continuada, preventiva, integrada na función docente, potenciadora da intervención social e respectuosa coa orixinalidade da diversidade do alumnado, por isto consideramos a necesidade de elaborar este proxecto “A través dos meus ollos estranxeiros”.

Traballando dende unha metodoloxía activa e participativa conseguiuase implicar á comunidade educativa con accións globais que repercutirán en todo o proceso educativo, favorecendo a inclusión e o coñecemento das distintas realidades existentes entre a diversidade de alumnado que convive día a día no noso Instituto. É importante ter en conta as distintas situacións existentes, as procedencias e a necesidade de dar a coñecer a vida que cada persoa deixa atrás, no seu país de orixe, por casuísticas diversas, que sempre supoñen un alto custe a nivel emocional.

O proceso de ensino-aprendizaxe desenvolveuse tendo sempre como protagonista do mesmo ao alumnado. Este estilo de aprendizaxe permite que o alumnado despregue destrezas da vida real e aprenda enfrontándose ás actividades propostas. O alumno ou alumna é centro da actividade.

Co uso das metodoloxías activas como “ un proceso interactivo baseado na comunicación profesor-estudante, estudante-estudante, estudante-material didáctico e estudante-entorna que potencia a implicación responsable e leva a satisfacción e enriquecemento de docentes e estudantes” pretendemos aproveitar as vantaxes que nos ofrece como:

- A facilitación do aprendizaxe autónomo e a xeración de coñecemento.
- O aumento da motivación do alumnado ao ser protagonista do seu propio aprendizaxe.
- A contextualización en situacións reais do mundo actual co que tamén se favorece a motivación e a aprendizaxe.

- A oportunidade de poder reflexionar, expresar, comunicar e compartir as propias emocións e experiencias vitais.

Os dous tipos de metodoloxías activas empregadas foron:

- **O Traballo colaborativo.**

- O traballo en grupos provocou unha aprendizaxe máis activa.
- Consideramos que ademais o alumnado gañou en autonomía.
- Mellorouse a atención á diversidade.
- Houbo mellor ambiente no centro con relacións máis divertidas.

- **ApS: Aprendizaxe servizo.** Entendemos que se conseguiu xuntar nunha soa actividade a aprendizaxe de contidos, competencias e valores coa realización de tarefas ao servizo da comunidade acadando os seguintes beneficios:

- Recuperar o sentido social da educación.
- Desenvolver un concepto democrático e participativo da cidadanía.
- Integrar aspectos cognitivos con aspectos actitudinais e morais da aprendizaxe.
- Aumentar a cohesión social
- Mellorar a percepción social do alumnado.

**- Aprendizaxe competencial:**

-Conciencia e expresións culturais: habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, sensibilidade e sentido estético; desenvolver imaxinación e creatividade; respectar o dereito á diversidade cultural; valorar a liberdade de expresión; interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica da diversidade.

-Comunicación Lingüística: Diversidade da linguaxe e comunicación en función do contexto; buscar, recompilar e procesar información; expresarse de forma oral e escrita en múltiples modalidades, formatos e soportes; escoitar con atención e interese; recoñecer o diálogo como ferramenta para a convivencia; interesarse pola interacción cos demais.

-Aprender a aprender: Coñecemento sobre o que un sabe e descoñece; estratexias de planificación e resolución dunha tarefa; supervisión das accións que se están desenvolvendo; estratexias de avaliación do resultado e do proceso que se levou a cabo; motivación para aprender; necesidade e curiosidade de aprender; sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe; percepción de auto-eficacia e confianza nun mesmo/a.

-Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor: Capacidade de análise, planificación, organización e xestión; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; saber comunicar, presentar, representar e negociar; facer avaliación e auto-avaliación.

-Competencia Social e Cívica: Comprender códigos de conduta aceptados en distintas sociedades e entornas; conceptos de igualdade, diversidade, non discriminación; manifestar solidariedade e interese por solucionar problemas; participar de maneira construtiva nas actividades da comunidade; actuar de forma creativa e imaxinativa; autoconñecemento e autoestima; iniciativa, interese, innovación; proactividade.

-Competencia Dixital: Linguaxe icónica, visual e sonora; principais aplicacións informáticas; buscar, obter e tratar información; crear contidos; actitude activa, crítica e realista coas tecnoloxías; curiosidade e motivación polo uso das tecnoloxías; gravación e edición de vídeo.

### **-Contidos:**

- Integración e inclusión socioeducativa
- Empatía
- Diversidade de identidades: relixión, sexualidade, xénero, nacionalidade, idioma, intereses...
- Diversidade cultural e multiculturalismo.
- Factores condicionantes dos movementos migratorios: económicos, familiares, catastróficos, socioculturais, políticos...
- Comunicación a través de medios audiovisuais e artísticos.

### **-Organización de espazos, tempos e recursos**

#### **Espazos:**

Aula de proxectos: empregada para as reunións e traballo de grupos, gravación e edición de entrevistas.

Biblioteca: traballo en pequenos grupos e actividades dinámicas de inclusión.

Recibidor do instituto: Este lugar é o corazón da vida social do alumnado, pois pasan o seu tempo de lecer alí. Por ser o espazo máis acolledor do centro converteuse tamén no máis inclusivo, sendo escollido para conectar a toda a comunidade educativa coas actividades do alumnado implicado en “O teu recreo” e na “Feira dos estranxeiros”.

#### **Tempos:**

O proxecto desenvólvese dende o mes de decembro de 2018 ata o mes de abril de 2019 coa seguinte temporalización:

1. Planificación: decembro-xaneiro-febreiro

2. Sementeira e Feedback: febreiro-marzo

3. Feira dos estranxeiros: abril

4. Avaliación final de resultados: maio

### **Recursos:**

Recursos humanos: contouse con todo o profesorado implicado activamente no proxecto, así como coa colaboración do equipo de convivencia e equipo directivo. O alumnado da materia de Imaxe e Son de 2º Bacharelato así como o da Rede Solidaria participaron activamente na planificación do proxecto.

Recursos materiais: material de papelería e carteleira, material audiovisual, ordenadores, comida.

Recursos pedagóxicos: materiais didácticos, dinámicas de grupo activas e inclusivas.

### **-Procedemento de avaliación, valoración de proceso e do logro acadado:**

A avaliación de necesidades constitúe o punto de partida da elaboración do proxecto “A través dos meus ollos estranxeiros”. Trátase de observar e analizar o contexto educativo concreto para determinar as posibles necesidades e despois priorizalas.

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

1.- *Avaliación inicial*: permitiunos coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención no curso actual con tres eixos diferenciados, - acollida de alumnado procedente do estranxeiro (cun incremento significativo ao longo de todo o curso) - convivencia e valor da diversidade, - favorecer a inclusión

2.- *Avaliación formativa ou procesual*: proporcionounos información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios que axudarán na inclusión deste alumnado.

3.- *Avaliación sumativa ou final*: determinou o alcance e a aplicabilidade do proxecto no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora na implementación do proxecto en vindeiros cursos.

Como criterios de avaliación do proxecto considerouse:

a) *Eficacia* (relación entre obxectivos propostos e os acadados) e *Eficiencia* (xestión de medios aplicados para conquistar os obxectivos)

b) *Comprensividade e Pertinencia* (adecuación do proxecto ás necesidades)

c) *Satisfactoriedade e Suficiencia* (relación entre os obxectivos desexados e as necesidades existentes)

d) *Coherencia e Obxectividade* (adecuación e grao de consistencias das propostas)

e) *Aplicabilidade e Funcionalidade e Utilidade* ( capacidade de solución e grao de aplicación).

f) *Relevancia* (grao de importancia para cubrir necesidades)

g) *Progreso* (relación entre prestacións efectivas e as previstas)

h) *Actualización* (grao de adecuación a situacións reais).

A valoración final do proxecto fíxose a través dunha recollida de datos con enquisas dirixidas aos diferentes axentes implicados. Tivéronse en conta os datos das observacións, propostas e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa e de todas as persoas implicadas no proxecto. Os resultados completos do alumnado pódense consultar na web do proxecto:

<https://csa1819acollida.weebly.com/avaliacioacuten.html>

-Alumnado implicado: dos resultados extráese que a maioría deste alumnado síntese máis cómodo e con máis confianza e seguridade no centro despois de rematado o proxecto. Expresan o desexo de continuar co proxecto en vindeiros cursos.

-Alumnado xeral: analizando os datos das enquisas conclúese que o proxecto axudou a que o alumnado coñecese máis aos seus novos compañeiros e compañeras e comprendese a súa situación, mellorando o valor da empatía.

#### **-Implicación da comunidade educativa e da contorna do centro:**

Todo o alumnado do centro participou en diferente medida na planificación e execución do proxecto. Así mesmo, o proxecto presentouse ao claustro e ao consello escolar tendo moi boa acollida. Toda a comunidade educativa aplaudiu a iniciativa pois viron unha oportunidade xeral de integración.

### **AVALIACIÓN E IMPACTO DAS PRÁCTICAS INCLUSIVAS A NIVEL DE CENTRO**

Atendendo aos datos recollidos nas enquisas coas observacións, propostas e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa e de todas as persoas implicadas no proxecto extraemos os resultados acadados e as posibilidades de continuidade e propostas de mellora na calidade do proxecto de inclusión. Os resultados completos do profesorado pódense consultar na web do proxecto:

<https://csa1819acollida.weebly.com/avaliacioacuten.html>

-Profesorado implicado: este sector do profesorado expresa a súa sorpresa coa diversidade de identidades que existen actualmente no noso centro, detectadas gracias ao diagnóstico realizado por un “axente externo”, o auxiliar lingüístico. A necesidade real dun acollemento inclusivo para o novo alumnado foi resolta satisfactoriamente porque toda a comunidade educativa tivo un papel importante. Como continuidade suxírese a pertinencia da incorporación deste proxecto no Plan de Convivencia e Plan de acollida do centro.

-Profesorado xeral: Expressa a importancia deste proxecto na vida do centro, recibido con moito interese polo alumnado e profesorado.

Como principal repercusión pedagóxica, a posta en marcha deste proxecto espertou a conciencia da nosa comunidade educativa na diversidade de identidades e no fomento da cultura inclusiva. A proposta de mellora de cara o próximo curso académico é a inclusión deste proxecto nos Plans de convivencia e acollida do centro, así como a creación dun grupo de traballo de alumnado e profesorado implicado na inclusión da diversidade non só de nacionalidades, senón tamén de identidades (sexualidade, relixión, xénero, idioma, intereses...)

### **DIFUSIÓN E VISIBILIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

Dentro da planificación do proxecto aparece “O teu recreo” e a “Feira dos estranxeiros” como actividades de difusión e visibilización do traballo.

Na pestana adicada a Convivencia dentro da páxina web do IES, no seguinte enlace <https://csa1819acollida.weebly.com/> pódese consultar todo o proceso e resultados do mesmo.

A revista escolar “Entrepontes” do IES Campo de San Alberto difundirá a toda a contorna do centro o proxecto “A través dos meus ollos estranxeiros”.

Nas redes sociais do IES, twitter e instagram podemos seguir todo o proceso do desenvolvemento e posta en práctica do proxecto “A través dos meus ollos estranxeiros”.